

Programas internacionales no CIFP AS MERCEDES

1.- Relación de proxectos Erasmus + para o curso 2019/2020

1.1 Proxectos aprobados KA103 de Educación Superior(Ciclos Superiores)

1)**2018-1-ES01-KA103-047693**: mobilidades para alumnado de ciclo superior. Finalización o 31/05/2020

2)**2019-1-ES01-KA103-060526**: mobilidades para alumnado de ciclo superior e para personal que imparte clases en ciclos superiores.

Finalización o 31/05/2021

1.2.- Proxectos KA103 do Consorcio da Consellería

Son mobilidades destinadas a alumnado de ciclo superior e a persoal que imparte docencia en ciclo superior.

Estas mobilidades serán asignadas pola Consellería.

1.3.-Proxectos do Consorcio da Consellería KA102 de Formación Profesional

1)**2019-ES01-KA102-063732**: mobilidades para alumnado de ciclos medios e de ciclos de formación profesional básica. Así como mobilidades para persoal que imparte docencia nestes ciclos.

Estas mobilidades serán asignadas pola Consellería

1.4.-Proxectos do Consorcio da Consellería KA107

1)Mobilidades para profesorado entre países extracomunitarios.

2)De todas as mobilidades solicitadas , a Consellería asignou unha ao departamento de Mantemento de Vehículos para Bosnia.

2.-Convocatoria 2019/2020 para alumnado de ciclos superiores

O CIFP As Mercedes participa no programa de mobilidades Erasmus+ K103, o que permite aos alumnos de 2º curso dos CICLOS de FORMACIÓN PROFESIONAL de GRADO SUPERIOR poder realizar a F.C.T. (Formación en Centros de Trabajo) durante o 2º curso en empresas de Europa. **A duración das prácticas será a mesma que a dos alumnos que as realizan en España.** Tamén poden facer as mobilidades como RECIEN TITULADOS, dentro dos 12 primeiros meses dende que obteñen a súa titulación.

2.1.-Obxectivos

O obxectivo principal do programa Erasmus +, é facilitar que os alumnos de Educación Superior completen a súa formación académica con actividades produtivas propias do mundo profesional e laboral ó que pertence a súa familia profesional, realizando as prácticas en empresas reais do sector no ámbito europeo. Asegúrase, deste xeito, a inmersión lingüística e cultural do alumno. Proporcionase tamén a posibilidade de vivir unha experiencia única e enriquecedora que axude a conseguir a madurez do alumno.

2.2.-Procedemento de selección de alumnado

1. Información Xeral a candidatos potenciais :

En xornadas de presentación inicial no primeiro trimestre do curso respecto á posibilidade de presentar solicitude. Informarase da existencia dos proxectos, dos procedementos de selección e de calquera outro punto a través das xefaturas de departamento, da páxina web do centro, así como a través da coordinadora na aula e mediante charlas informativas.

2. Presentación de solicitudes: no primeiro trimestre do curso os alumnos deberán presentar a súa solicitude mediante un modelo que lles será facilitado pola coordinadora de Programas Internacionais e dentro do prazo establecido.

É **requisito indispensable** ter todos os módulos aprobados para presentar a solicitude:

-Si un alumno/a ten algún módulo pendente do curso anterior, a solicitude non será admitida.

-Os módulos de 1º curso deben estar **TODOS superados** no momento de presentar a solicitude e os módulos de 2º curso **TODOS superados** no momento de tramitar a mobilidade.

-Si algún alumno/a solicitante **perde o dereito a avaliación continua** non ten posibilidade de realizar a mobilidade no periodo abril-xuño de 2020. E este, pode ser un criterio excluínente incluso para futuros periodos.

3.-Comisión avaliadora: Constituirase una comisión avaliadora no centro educativo integrada por:



- Presidente/a: persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - o/a coordinador/a de programas europeos
 - dous membros do equipo directivo.
- Secretario/a: un/una profesor/a do centro que actuará con voz e voto.

Se alguna das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que a tal efecto se nomee.

2.3.-Criterios de selección de alumnado

1.-Expediente académico (máx .4p)

Valoración: nota media no primeiro curso do ciclo formativo acreditado mediante certificación académica oficial.

- a) Se a nota media é de 6 ou menos: **2 puntos**
- b) Se a nota media é de máis de 6 e de menos de 8: **3 puntos**
- c) Se a nota media é de 8 ou máis: **4 puntos**.

2-Competencias lingüísticas no idioma de traballo ou no idioma do país de acollida (máx. 4 p)

Valoración:

- a) Nota media do módulo de inglés no primeiro curso : **(ata 1 punto)**

- Se a nota media é de 6 ou menos: 0.5 puntos
- Se a nota media é de máis de 6 e de menos de 8: 0.75 puntos
- Se a nota media é de 8 ou máis: 1 punto

- b) Certificacións oficiais de competencias lingüísticas en inglés procedentes dalgún organismo oficial que esté dentro do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas. **(ata 2 puntos)**

INGLÉS

- Nivel B1: 0.75 puntos



-Nivel B2:1 punto

-Nivel C1:1.5 puntos

-Nivel C2:2 puntos

c) Probas realizadas no propio centro. O centro convocará unha proba de nivel de inglés a todo o alumnado para determinar o nivel de dominio que pode demostrar. **(ata 1 punto)**

A tal efecto, realizaranse probas prácticas de conversa para comprobar as competencias comunicativas de todos os candidatos: 1 punto

d) Calquera outro método.

Cando a **lingua de traballo requerida pola empresa de acollida sexa diferente ao inglés** poderase requerir ó alumno/a o coñecemento da mesma, mediante certificacións oficiais dentro do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas .

A acreditación desta lingua pode ser un criterio de desempate no caso de que houbera máis de un alumno/a nesta circunstancia.

Asimesmo a non acreditación do coñecemento desta lingua pode ser un criterio excluínte para levar a cabo a mobilidade.

O centro poderá proporcionar actividades formativas, ás cales será obrigatorio asistir, co obxectivo de mellorar as competencias lingüísticas da lingua do país de acollida.

3.-Competencias persoais e actitudes (máx. 4 puntos)

Valoración: o centro solicitará un informe do alumno/a ó seu titor no curso actual e si o considera necesario solicitarase tamén un informe ó titor do curso anterior. No caso de que isto non sexa posible, solicitarase un informe ó docente /ou docentes que lle impartiron os módulos con máis horas de clase no curso anterior. Si o/a candidato/a procede dun centro diferente solicitarase o informe aos membros do seu equipo docente no presente curso. O obxectivo deste informe é coñecer as actitudes e aptitudes do alumno/a de cara á realización da mobilidade Erasmus+.

4.-Outros

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

A.-Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.

Valorarase ós alumnos con menos oportunidades ou en risco de exclusión social por calquera motivo. Para identificar esta circunstancia farase unha entrevista persoal, podendo requirir documentos xustificativos

B.-Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Erasmus+

5.- **Criterios excluíntes serán:** Incurrir en conductas contrarias á convivencia. A situación de regularidade no país é un requisito para a mobilidade.

6.- Os candidatos ás becas Erasmus + terán que levar a cabo unha serie de **obrigacións persoais e documentais** entre as que se inclúen as seguintes:

ANTES DA MOBILIDADE

- Cubrir o impreso** de solicitude
- Facilitar fotocopia do **D.N.I, número de conta bancaria e calquera outro dato** que se requira para formalizar a estancia.
- Proporcionar o **Curriculum Vitae Europass** e a **carta de presentación** á empresa.
- Facilitar **título acreditativo do nivel de IDIOMAS** segundo corresponda.
- Facilitar o **certicado académico oficial** que acredite a superación de todos os módulos do curso anterior. Ademáis o centro poderá solicitar os certificados que considere oportunos para demostrar suficientemente este aspecto.
- **Acatar as normas e criterios** de selección para a asignación das becas.
- Comprometerse a asinar un **documento de compromiso** unha vez sexa seleccionado para participar nunha mobilidade Erasmus+.
- **Facer as probas iniciais na OLS** , así como atender aos cursos de idiomas que ofrece a plataforma OLS (Online Linguistic Support).
- Firmar o **convenio de subvención** entre o director do Centro de Orixe e o propio alumno con todos os datos da mobilidade
- Firmar o acordo de mobilidade (**Learning Agreement**), que será tamén firmado polo director do centro de orixe e pola empresa de acollida, onde se recollen os obxectivos e competencias que ten que acadar o alumno nas súas prácticas no período especificado.
- Subscribir unha póliza de seguranza** ó seu nome nos termos que se lle especificuen. Os alumnos deberán solicitar a **Tarxeta Sanitaria Europea**. Pero ademais deberán dispor dun **seguro privado** (que contrata e paga o propio alumno) que cubra cando menos estes tres conceptos:

. Accidentes

. Asistencia médica

. Responsabilidade civil

-Buscar o seu propio medio de transporte y aloxamento no país de destino.

-Atender a todos os requirimentos durante a estancia no país Europeo. Tanto as esixencias propias da FCT , como as propias do programa Erasmus +.

-O alumno deberá informar por mail, ou polo sistema que se determine en cada caso, sobre o desenrolo da FCT coa relación das actividades desenvolvidas ó seu titor de FCT, e ó coordinador de Erasmus, así coma de calquera incidencia que poda acontecer.

- Facer as probas iniciais na OLS , así como atender aos cursos de idiomas que ofrece a plataforma OLS (Online Linguistic Support).

-Todos os requisitos anteriores son de obrigado cumprimento para que o/a alumno/a reciba a primeira contía dos cartos da mobilidade.

DESPOIS DA MOBILIDADE

-Facer as probas finais na OLS(Online Linguistic Support)

-Entregar o Certificado de prácticas asinado pola empresa de acollida (no caso de que a mobilidade se realice no período de FCT).

-Entregar o **Learning Agreement debidamente** asinado e selado pola empresa de acollida.

-O alumno realizará a enquisa final e o INFORME FINAL del alumno (EU Survey online) unha vez finalice o período de mobilidade. Dita enquisa chegaralle directamente dende a plataforma ó seu correo persoal. Unha vez cuberto o documento o alumno enviará o PDF que se xera ao coordinador de Erasmus como proba de ter realizado dito trámite.

- Acudir a todas as reunións ás que sexa convocado.

-Todos os requisitos antes citados serán de obrigado cumprimento para que o alumno reciba a segunda contía dos cartos da mobilidade.

-Poderase requirir e convocar a reunións posteriores á finalización da súa mobilidade Erasmus, para a posta en común das súas impresións e experiencias na mobilidade así como facilitar información a outros alumnos candidatos.

-Facilitar **datos sobre o estado da súa situación laboral e académica** durante os anos consecutivos á finalización da mobilidade. Intentase facilitar o seguimento dos alumnos en canto ó impacto que supuxo o Erasmus na súa experiencia persoal.

7.-O Centro de Orixe comprométese a:

-Dar a máxima **publicidade e visibilidade** ao Programa **Erasmus+** e a súa xestión.

-**Asignar o total de becas Erasmus** + adxudicadas pola Axencia Nacional así como as contías íntegras correspondentes a cada mobilidade.

-Garantir unha selección de candidatos para a participación no programa Erasmus+ **transparente e xusta**, facilitando toda a información que o alumno necesite en cada momento.

-**Manter contacto coas empresas e seleccionar as mesmas** en función das características do alumnado e das características das nosas familias profesionais.

-**Proporcionar os documentos e procesos necesarios** para a selección do alumnado.

- **Axudar** en todo momento na xestión da mobilidade Erasmus do alumno.

-**Rexistrar aos alumnos e as empresas** participantes no Programa na ferramenta obrigatoria **Mobility Tool**.

-Rexistrar e facer o correspondente seguimento aos alumnos na **ferramenta OLS** (Online Linguistic Support). -Facilitar a documentación necesaria ao alumno para la xestión da mobilidade.

-**Executar os pagos** correspondentes aos vencementos dos alumnos , sempre e cando cumpran os requisitos descritos anteriormente.

-Facilitar ao alumno o documento de **mobilidade EUROPASS**, de recoñecemento da mobilidade a nivel europeo.

-Solicitar á empresa de acollida o **Informe final do alumno** que deberá estar adecuadamente firmado e selado pola empresa.

-Cubrir todos os **documentos e plataformas** que esixe a Axencia Nacional para a Internacionalización da Educación

Recordamos aos alumnos algúns aspectos a ter en conta:

- O cambio cultural que esta estancia pode supor.
- O respaldo económico co que o alumno ha de contar antes de marchar, xa que a axuda Erasmus entregase en dous prazos e normalmente despois de que encomecen as prácticas en Europa. O

alumno debe contar con recursos propios para os primeiros meses da súa estancia no estranxeiro, así como para sufragar os gastos dos viaxes e outros gastos que puideran xurdir.

- A xestión do aloxamento e os desprazamentos han de realizarse polo propio alumno.
- Salvo que algunha empresa decida gratificar ó alumno, os cartos cos que se contén serán tan só de esta axuda do programa Erasmus+, non percibíndose ningunha outra por parte da empresa de prácticas.
- E de xeito positivo, o engrandecemento persoal que esta experiencia pode supoñer, ademáis da oportunidade de coñecer o mercado europeo e as posibilidades que este poida ofrecer. A profesora coordinadora dos proxectos Erasmus, Mercedes Álvarez Uría, pon á vosa disposición toda a información necesaria sobre estes proxectos e responderá as dúbidas que teñades respecto a eles. De tódolos xeitos, podedes encontrar toda a información na páxina: www.sepie.es , dentro do apartado de Educación Superior.

A documentación requerida será enviada por mail ao departamento de Programas Internacionais a través da seguinte dirección: programaseuropeos.asmercedes@gmail.com

3.-Convocatoria 2019/2020 para persoal de ciclos superiores

3.1.-Proxectos de mobilidade ERASMUS+ para profesores que imparten docencia en ciclos superiores

A **mobildade terá como finalidade** favorecer a boa práctica docente, é dicir, a mellora na calidade da ensinanza do alumnado a través das boas prácticas docentes. Favorecerá a creación de acordos de cooperación entre Institucións e con empresas europeas coa finalidade de poder potenciar a mobilidade dos nosos propios alumnos e profesores e desta forma mellorar/completar a súa formación laboral e cultural.

Primeiramente comunicárase a existencia do proxecto a través das reunións de departamento e a páxina web do centro. O persoal candidato presentará por escrito a solicitude ante a dirección do centro. **É imprescindible que sexa persoal de educación superior (profesorado que imparta clase nos ciclos superiores).**

Si un profesor imparte docencia en diferentes niveis educativos, só presentará a súa candidatura por un deles.

3.2.- Datas da mobilidade

Non se poderán realizar coincidindo coas datas de avaliación, nin cos inicios da actividade lectiva. Procurárase que as mobilidades interfiran o mínimo posible nas horas lectivas del alumnado.

3.3.-Presentación de solicitudes

Os profesores que queiran levar a cabo algunha destas mobilidades poderán solicitalo ante a dirección do centro desde o **18 de Outubro de 2019 ata o 20 de novembro de 2019 ás 14:00 horas**, mediante unha carta de compromiso na que se especifique: a súa intención de participar, datas aproximadas e posibles empresas ou escolas nas que poderán facer o job-shadowing, así como o grupo ou grupos no que vai revertir a mobilidade. Na data que a dirección notifique con posterioridade, presentarán os **méritos** e o **planning de traballo**, para a baremación segundo o cadro incluído neste documento no apartado 3.5. Estes méritos e toda a súa documentación deberán ser presentados a través de rexistro.

Si un profesor imparte docencia en diferentes niveis educativos, só presentará a súa candidatura por un deles.

3.4.-Selección de candidatos

Formarase una comisión de selección composta polo equipo directivo, o/a xefe do departamento de orientación e o/a coordinador/a Erasmus. O voto do Director/a considerárase voto de calidade en caso de empate.

No caso no que algunha das persoas que formen parte do comité de selección, presente tamén a súa candidatura, absterase de participar no comité.

No caso de que alguha das persoas non poida asistir será substituída pola persona que para o efecto se nomee.

Unha vez baremados os candidatos, o resultado será publicado nos taboleiros do centro e na páxina web. Establécese un prazo de 7 días lectivos, contados a partires do seguinte día ó da data da publicación da selección, para presentar reclamacións ante a dirección.

A comisión de selección resolverá estas reclamacións no prazo de 7 días lectivos.

O profesorado que realice a mobilidade comprométese a facer toda a difusión posible mediante accións coma: charlas ó alumnado, reunións posteriores á estadía, relato da experiencia a outros candidatos, aportación de datos sobre empresas ou escolas que puidera acadar etc., así coma a cumprimentar todos os documentos que se lle indiquen para completar a mobilidade.

3.5.-Criterios de selección e baremo

<p>1.-OBXECTIVOS que se queren acadar e relevancia para o proxecto en xeral e a súa aplicación ó ciclo.</p> <p>Criterios de baremación :</p> <ul style="list-style-type: none"> -Adecuación dos obxectivos presentados ó tipo de empresa receptora ou tipo de ensinanza (clases ás que se pretende asistir) das escolas e/ou empresas de acollida. -Relación dos módulos que imparte o participante cos obxectivos a acadar. -Definición da aplicación práctica das capacidades adquiridas ó traballo na aula. -Definición dos obxectivos para a mellora da ensinanza e internacionalización dos socios participantes 	<p>Ata 1 punto</p>
<p>2.-PLAN DE TRABALLO PREVISTO para a empresa/escola durante os días da mobilidade que inclúa fase previa á mesma .Estadía na empresa escola (coa temporalización do traballo en destino e datas previstas e fase posterior cos resultados obtidos.</p> <p>Neste punto presentarase o nome da empresa ou escola na que se vai facer o jobshadowing e algún documento que xustifique o compromiso da mesma para recibir ao profesor e asinar o Learning Agreement e o Certificado de estancia .A non presentación deste documento valorarase como cero neste apartado.</p>	<p>Ata 3 puntos</p>



<p>Criterios de baremación:</p> <p>-Traballo a levar a cabo como preparación da estadia antes da mesma :preparación cultural sobre o país, información sobre a empresa/escola ,etc</p> <p>-Adecuación do plan co tipo de empresa/escola e país de destino (horarios,tipo de ensinanzas que se imparten,etc)</p> <p>-Concreción da temporalización do plan de traballo</p> <p>-Previsión das actividades a levar a cabo ó remate da estadia(difusión dos resultados, medios, ferramentas e público obxectivo</p>																	
<p>3.- NON PARTICIPACIÓN ANTERIOR</p> <p>-Non ter participado en movidades nos dous proxectos anteriores.</p>	1 punto																
<p>4.- NIVEL DE IDIOMA ACREDITADO según o Marco Común Europep de Referencia para as linguas.</p> <p>Nivel do idioma acreditado en inglés:</p> <table border="1" data-bbox="153 898 1169 981"> <tr> <td>B1</td> <td>B2</td> <td>C1</td> <td>C2</td> </tr> <tr> <td>1.50 puntos</td> <td>2.00 puntos</td> <td>2.50 puntos</td> <td>3.00 puntos</td> </tr> </table> <p>Nivel do idioma acreditado no país de traballo</p> <table border="1" data-bbox="153 1043 1169 1126"> <tr> <td>B1</td> <td>B2</td> <td>C1</td> <td>C2</td> </tr> <tr> <td>1.50 puntos</td> <td>2.00 puntos</td> <td>2.50 puntos</td> <td>3. 00 puntos</td> </tr> </table> <p>Se o idioma do país de destino é o inglés só se terá en conta a primeira táboa</p>	B1	B2	C1	C2	1.50 puntos	2.00 puntos	2.50 puntos	3.00 puntos	B1	B2	C1	C2	1.50 puntos	2.00 puntos	2.50 puntos	3. 00 puntos	
B1	B2	C1	C2														
1.50 puntos	2.00 puntos	2.50 puntos	3.00 puntos														
B1	B2	C1	C2														
1.50 puntos	2.00 puntos	2.50 puntos	3. 00 puntos														
<p>5.-COORDINACION OU PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS ERASMUS</p> <p>Valorarase a colaboración efectiva e probada en actuación de proxectos Erasmus.</p>	1punto																
<p>6.-TER DESTINO DEFINITIVO NO CENTRO</p>	1punto																
<p>7.-ANTIGÜIDADE NO CENTRO (para todo o persoal e independentemente da súa situación no centro 0.10 puntos/ano)</p>	Ata 1 punto																
<p>8.-DATAS SELECCIONADAS PARA A MOBILIDADE</p> <p>Por sesións docentes que queden sin impartir (-0.10puntos/sesión)</p>	Ata 1 punto																

3.6.-Causas excluíntes

- Incorrer en conductas e/ou actuacións negativas para a comunidade educativa no centro.
- Ter renunciado a unha beca Erasmus+ .
- Non asistir ás reunións informativas Erasmus+, sen causa xustificada.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CIFP As Mercedes
Avda. Madrid, 75, 27002 Lugo.
Tel. 982 828 001
Fax.982 828 016
cifp.asmercedes@edu.xunta.es